



Cristina Balboa

Vídeos traxectoria:

<https://www.youtube.com/playlist?list=PLD5FF0306C8EDA836>

<https://www.youtube.com/playlist?list=PL42B32433E476F617>

<https://www.youtube.com/user/lacristuchi/videos>

Cristina Balboa é unha artista escénica e videorealizadora afincada en Compostela.

O seu traballo escénico móvese nun absurdo elaborado pero tamén cotián, con base tanto física como conceptual, presentado dunha forma alegre e fresca -pero non gratuita- que é utilizado como fío creador dun mundo con leis propias, no que a palabra toma unha parte importante no eixo do seu discurso-escénico.

Na súa traxectoria teatral destacan as colaboracións como intérprete na Cía D2 nos espectáculos Queremos Bailar e Las verdades duelen. Dende 2011 dirixe a Cía. Funboa Escénica, fundada no 2011 por Paulina Funes e Cristina Balboa. A identidade da Cía. pasa polos procesos vitais que viven os intérpretes que colaboran en cada produción. Son pezas de creación colectiva onde se desenvolven diferentes procesos de escritura e composición escénica, sempre dende a identidade e a súa propia teatralidade. Os traballos escénicos da Cía. son Oiseau Rebelle con Paulina Funes (2011), Sigue Buscando con Estevo Azañón(2013), Sushi Gratis con Lúa Gándara(2015) e a micropeza Anoter Espectacle. No 2015-16 realiza o Máster en Práctica Escénica e Cultura Visual da UCLM presentando, en xuño no Teatro Pradillo, a peza Fin de Máster, Lo que mejor hacemos sobre el escenario, un proxecto tutorado por Los Torreznos e acompañado polos compañeiros e artistas convidados no proceso formativo. Escribiu e interpretou os monólogos No me cuentas tu vida e Biolóxica.

Dende o 2002 realiza unha formación continua en estudos teatrais como o Postgrao de Arte Dramático da USC e participa en workshops de artistas como Idoia Zabaleta, Paz Rojo, Aitana Cordero, Pere Faura, Chefa Alonso, Amalia Rodríguez, Vera Mantero, Ana Buitrago,

Amparo Novas, Bárbara Bañuelos, Quico Cadaval, Baltasar Patiño, Olga Melnik ou Cándido Pazó.

Como videorealizadora leva dende o 2010 vinculada ó festival de danza e artes do corpo corpo(a)terra de Ourense realizando os vídeos promocionais e o arquivo fílmico do festival. Realiza traballos de vídeo para varias Cías. Escénicas como Traspediante, Nómada, AIREnoAR, Tejido Conectivo, e o festival de danza ALFAIA.